

A yellow hard hat is centered in the image, with a green line graph overlaid on it. The graph has several peaks and valleys, with the highest peak reaching the top of the hard hat. The background is a brick wall.

Datos de sinistralidade laboral en Galicia

Setembro do 2025

Secretaría de Negociación Colectiva,
Saúde Laboral e Transicións



sindicato nacional
de comisións obreiras

Saúde laboral

É inadmisíbel que mes a mes e ano tras ano teñamos que convivir cun número arrepianante de persoas traballadoras que perden a vida no seu posto de traballo, sen que desde CCOO sexamos capaces de evitalo.

Accidentes de traballo mortais rexistrados

	2024	2025	VARIACIÓN %
En xornada de traballo	42	38	-9,52
'In itinere'	5	8	60,00
TOTAL	47	46	-2,13

Accidentes de traballo mortais en xornada laboral por sexo

	2024	2025	VARIACIÓN %
Homes	38	34	-10,53
Mulleres	4	4	0,00
TOTAL	42	38	-9,52

Os datos de sinistralidade rexistrados no terceiro trimestre do ano 2025, facilitados polo ISSGA, permítenos visualizar un leve aumento no número total de accidentes en todas as súas variantes.

Este terceiro trimestre pechouse en Galicia con 38 accidentes mortais en xornada laboral, mentres que no mesmo trimestre do ano anterior foron 42, o que supón unha redución do -9,52 %. Aínda que sempre é importante reducir o número de accidentes mortais, non abonda para estarmos satisfeitos pois seguen a ser cifras inasumíbeis.

Por sectores de actividade, a comparativa co terceiro trimestre do 2025 ofrece estes datos:

- O número de accidentes leves diminúe nos sectores da agricultura, pesca e construción, pero aumenta nos sectores da industria e os servizos.
- Os accidentes graves baixan nos sectores da agricultura, construción e servizos, pero incrementáanse no sector da pesca e da industria nun 50 % e 38 %, respectivamente.
- Os accidentes mortais redúcense no sector da agricultura, pesca e construción, pero aumentan un 20% no sector da industria e un 5,88 % nos servizos.

GALICIA	LEVES			GRAVES			MORTAIS			TOTAIS		
	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.
Agricultura	823	788	-4,25	22	20	-9,09	5	4	-20,00	850	812	-4,47
Pesca	477	418	-12,37	18	27	50,00	4	1	-75,00	499	446	-10,62
Industria	4.868	5.166	6,12	49	68	38,78	5	6	20,00	4.922	5.240	6,46
Construcción	3.030	3.009	-0,69	87	64	-26,44	11	9	-18,18	3.128	3.082	-1,47
Servizos	10.217	10.536	3,12	131	108	-17,56	17	18	5,88	10.365	10.662	2,87
TOTAL	19.415	19.917	2,59	307	287	-6,51	42	38	-9,52	19.764	20.242	2,42

Galicia foi, no terceiro trimestre, a quinta comunidade autónoma con maior número de accidentes mortais en xornada (38), por detrás de Andalucía (70), Cataluña (68), a Comunidade Valenciana (49) e Madrid (42). Pero foi a terceira comunidade cun índice máis alto: 0,397 accidentes mortais por cada 100 000 persoas traballadoras, por detrás de Asturias e A Rioxa cun 0,438 e 0,406 respectivamente.

Os sectores con maior índice en Galicia da totalidade dos accidentes son:

- Construcción: 3682,02
- Industria: 3481,75
- Pesca: 2888,41
- Agricultura: 2493,02
- Servizos: 1357,24

GALICIA	LEVES			GRAVES			MORTAIS			TOTAIS		
	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.
Agricultura	2.520,93	2.419,33	-4,03	67,39	61,40	-8,88	15,32	12,28	-19,81	2.603,63	2.493,02	-4,25
Pesca	2.955,96	2.707,08	-8,42	111,55	174,86	56,76	24,79	6,48	-73,87	3.092,29	2.888,41	-6,59
Industria	3.279,83	3.432,58	4,66	33,01	45,18	36,86	3,37	3,99	18,34	3.316,21	3.481,75	4,99
Construcción	3.727,55	3.594,81	-3,56	107,03	76,46	-28,56	13,53	10,75	-20,54	3.848,11	3.682,02	-4,32
Servizos	1.327,08	1.341,20	1,06	17,02	13,75	-19,20	2,21	2,29	3,77	1.346,30	1.357,24	0,81
TOTAL	1.851,91	1.865,28	0,72	29,28	26,88	-8,21	4,01	3,56	-11,17	1.885,20	1.895,71	0,56

Os accidentes de traballo segundo o tipo de contrato medran nos contratos indefinidos e nos temporais, e diminúen nos autónomos.

GALICIA	LEVES			GRAVES			MORTAIS			TOTAIS		
	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.
Indefinidos	14.625	14.863	1,63	207	200	-3,38	31	31	0,00	14.863	15.094	1,55
Temporais	3.490	3.800	8,88	36	27	-25,00	6	3	-50,00	3.532	3.830	8,44
Autónomos	1.300	1.254	-3,54	64	60	-6,25	5	4	-20,00	1.369	1.318	-3,73
TOTAL	19.415	19.917	2,59	307	287	-6,51	42	38	-9,52	19.764	20.242	2,42

No que respecta aos accidentes *in itinere*, dáse un incremento total do 2,06 %, aumentando na Coruña e Lugo e diminuindo en Ourense e Pontevedra.

GALICIA	LEVES			GRAVES			MORTAIS			TOTAIS		
	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.	2024	2025	% Var.
A Coruña	1.001	907	-9,39	17	17	0,00	1	5	400	1.019	929	-8,83
Lugo	184	179	-2,72	3	5	66,67	0	1	—	187	185	-1,07
Ourense	173	171	-1,16	1	2	100,00	0	0	0,00	174	173	-0,57
Pontevedra	912	947	3,84	19	23	21,05	4	2	-50,00	935	972	3,96
TOTAL	2.270	2.204	-2,91	40	47	17,50	5	8	60,00	2.315	2.259	-2,42

Canto ás causas que están detrás dos accidentes mortais, cabe destacar que os infartos e outras patoloxías non traumáticas seguen sendo a principal causa de impacto sobre as mortes no traballo, representando unha porcentaxe do 42 % con respecto á totalidade, seguida de choques ou golpes contra obxectos en movemento e de esmagamentos por atrapamentos e amputacións, cunhas porcentaxe do 18,4 % e do 15,7 %, respectivamente.

Cómpre facer un seguimento específico sobre estes datos, os cales se repiten mes a mes. Temos que ser capaces de chegar ao detalle para demostrar que hai unha relación causa-efecto directa. Para iso é moi importante facer avaliacións de riscos psicosociais e que CCOO participe.

CAUSAS	2024	2025	% Var.
Sen especificar	0	0	0,00
Contacto coa corrente eléctrica, lume e substancias perigosas	0	2	—
Afogamentos, sepultamentos	1	1	0,00
Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles	5	4	-20,00
Choques ou golpes contra obxectos en movemento	10	7	-30,00
Contacto con axente cortante ou punzante	0	1	-
Esmagamentos por atrapamentos, e amputacións	9	6	-33,33
Sobreesforzos, trauma psíquico e exposicións a radiacións	0	1	-
Mordedelas, patadas, picaduras	0	0	0,00
Infartos e outras patoloxías non traumáticas	17	16	-5,88
Outros contactos	0	0	0,00
TOTAL	42	38	-9,52

